



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Prácticas Externas	Código	612943318		
Titulación	Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial(plan 2016)				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	18	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	As prácticas externas representan un período de formación eminentemente práctico que se desenvolve na sede de empresas, consultorías, asesorías xurídicas, despachos de avogados, institucións e concellos onde os alumnos do Mestrado poden aplicar os coñecementos adquiridos durante o curso dedicado á formación nos contidos académicos do Mestrado.				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Coñecer o conxunto normativo aplicable, legislativo e xurisprudencial, e a doutrina aplicables ao mundo da empresa
A2	Identificar, saber interpretar e facer fronte ás diferentes problemáticas xurídico-económicas que afecten á empresa
A3	Coñecer, manexar, elaborar e interpretar os principais documentos de tipo xurídico-económico relacionados co mundo empresarial.
A4	Coñecer e aplicar as técnicas contables, de elaboración e análise de estados financeiros e outros instrumentos de xestión.
A5	Elaborar, comunicar e defender con soltura textos xurídicos, como dictames e informes, memorias ou traballos de investigación
B1	Capacidade para planificar e levar a cabo tarefas xurídicas complexas de modo autónomo
B2	Capacidade para coordinar e desenvolver tarefas de asesoramento técnico (xurídico/xurídico empresarial) no seo dun grupo de traballo
B3	Capacidade para estruturar ordenadamente os feitos e as disposicións xurídicas relevantes dun caso
B4	Capacidade para identificar cuestións xurídicas relevantes partindo dun conxunto complexo de feitos non estruturado xurídicamente
B5	Capacidade para identificar e aplicar todas as fontes xurídicas relevantes nunha cuestión concreta
B6	Habilidade/Capacidade para a toma de decisións
B7	Capacidade para encontrar solucións novas ou imaxinativas no plantexamento dun problema
B8	Capacidade para analizar os problemas xurídicos dende unha pluralidade de enfoques e elixir o máis idóneo no caso concreto.
B9	Capacidade para expoñer o coñecemento cun dominio axeitado das habilidades orais e escritas propias do asesoramento xurídico(-empresarial)
B10	Capacidade para estruturar e redactar con fluidez textos xurídicos elaborados, empregando a terminoloxía técnica apropiada.
B11	Capacidade para estruturar os argumentos e transmitilos oralmente con competencia técnica e habilidade oratoria
B12	Capacidade para ler e interpretar traballos complexos relacionados co ámbito xurídico
B13	Capacidade para sintetizar os argumentos xurídicos de forma precisa
B14	Capacidade para traballar en equipos interdisciplinares como experto en dereito e contribuir efectivamente ás súas tarefas
B15	Capacidade para asesorar sobre as posibles resolucións dun caso
B16	Capacidade para deseñar estratexias alternativas conducentes ás distintas solucións
B17	Destreza no uso dos recursos informáticos máis relevantes
B18	Destreza no manexo de ferramentas multimedia que sirven de apoio ás tarefas de asesoramento
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
- comportarse con ética	AP1	BP1	CP1
- manexo adecuado das fontes	AP2	BP2	CP3
- capacidade de analizar e aplicar criticamente o ordenamento xurídico	AP3	BP3	CP5
- capacidade de encontrar as solucións adecuadas aos problemas que se plantexan na práctica	AP4	BP4	CP6
	AP5	BP5	CP7
		BP6	CP8
		BP7	
		BP8	
		BP9	
		BP10	
		BP11	
		BP12	
		BP13	
		BP14	
		BP15	
		BP16	
		BP17	
		BP18	

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>A realización das Prácticas externas complementa a formación global do/a estudante ofrecendo unha aplicación práctica dos contidos aprendidos ao longo do MAXE, aproximándoo á realidade laboral en diferentes facetas (dado que as prácticas realízanse en entidades moi diversas, tanto públicas como privadas) e facilitando incluso a súa inserción no mercado laboral. Esta materia implica a realización dunha estadía práctica nunha entidade colaboradora coa UDC, por un total de 350 horas ao cal se suma o traballo autónomo para realizar a memoria e as titorías presenciais (total 18 créditos) o cal implica un período de 2 meses cunha dedicación diaria de 8 horas. Ou ben un período de tres meses cunha dedicación diaria de 5 horas, salvo posibles casos excepcionais por necesidades de adaptación co funcionamento da entidade colaboradora. O período de realización comprende desde a formalización de matrícula no mes de setembro ata a finalización do período lectivo do cuadrimestre na primeira semana do mes de xaneiro de ano seguinte. O lugar de realización das prácticas dependerá das entidades colaboradoras que asinasen un convenio a estes efectos coa UDC. Tendo en conta este condicionante, con carácter xeral as prácticas poderán realizarse en entidades como as seguintes: Despachos de avogados, asesorías xurídicas de empresas, consultorías, asesorías de entidades financeiras, Concellos, Xunta de Galicia, outros organismos públicos.</p>	<p>O/a estudante terá que realizar as tarefas que se lle encarguen na entidade colaboradora, destinadas a completar á súa formación teórica no Máster, e contará cun titor na propia entidade e outro na Facultade de Dereito.</p> <p>Ao finalizar a estadía práctica, o/a estudante deberá realizar unha memoria co visto e prace do titor da empresa. Ademais deberá facer unha entrevista co seu titor académico na Facultade e fará entrega da devandita memoria.</p>
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 C1 C3 C5 C6 C7 C8	1	95	96
Prácticas clínicas	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B15 B17 B18 C1 C3	350	0	350
Actividades iniciais	B6 B17	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Portafolios do alumno	É a Memoria final de prácticas externas que debe elaborar o/a estudante ao finalizar o período de prácticas na entidade. Debe contemplar o sinalado no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo. O profesor ou profesora coordinador da materia (Tuor interno de prácticas) subministrará instrucións ao respecto aos estudantes, tanto nas actividades iniciais como unha vez rematada a estadía nas entidades, xa for presencialmente, xa a medio de recursos de comunicación electrónica.
Prácticas clínicas	350 horas de presenza do/a estudante na entidade colaboradora do MAXE_UDC coa que se teña establecido o oportuno convenio e na uqe se lle teña signado unha praza de prácticas ao/á estudante
Actividades iniciais	Selección de destinos entre a oferta dos mesmos que se realiza cada comezo de curso. Cada estudante recibe un formulario no que debe prelacionar en orde descendente os destinos da súa elección dentro dos que se ofertan cada curso. A prelación combínase, de cara á asignación definitiva dunha praza a un/unha estudante, co expediente do/a estudante nos módulos anteriores do MAXE (excluído TFM) e cos requirimentos que, nalgúns casos, especifican as entidades que ofertan prazas de prácticas externas. Entre estes pode estar a realización dalgún tipo de proba, a selección a partir dos currícula, entrevista, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Portafolios do alumno	A atención personalizada recíbese, de ordinario, na selección de destinos (Actividades iniciais) e na confección da Memoria final de prácticas (Portafolios do alumno) e sempre que for requirida. A persoa de referencia é o coordinador ou coordinadora do Módulo de prácticas externas do MAXE_UDC (tutor académico)

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 C1 C3 C5 C6 C7 C8	A avaliación das prácticas externas realízase a partir de dous documentos esenciais: 1) A memoria final de prácticas (portafolios do alumno) que haberá de presentar cada estudante, cos contidos previstos na regulamentación vixente sobre prácticas externas dos estudantes universitarios (Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo) e 2) O informe do tutor ou tutora da entidade na que se teñan realizado as prácticas, que estará igualmente referido aos extremos contemplados na citada regulamentación básica.	100

Observacións avaliación

--

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

As prácticas externas realízanse no tercer cuatrimestre, por tanto, é necesario ter cursadas as materias obrigatorias e a especialidade.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

